



Concello de Arbo

**- NOTIFICACION COLECTIVA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO DE SELECCIÓN ABERTO PARA A CONSTITUCIÓN DA 4ª BOLSA DE EMPREGO DO SAF DO CONCELLO DE ARBO - (artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.-**

Mediante a presente notificáse a Resolución de Alcaldía nº 2023-0240, de data 11/05/2023, do teor literal seguinte:

**“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Ante a necesidade de cubrir os postos de auxiliar de axuda no fogar no Servizo de Axuda a domicilio para persoas dependentes ou da terceira idade, que quedan vacantes como consecuencia de ILT, baixa por maternidade ou parternidade, etc., ou en supostos de acumulación de tarefas, vacacións ou permisos, mediante a contratación de dito persoal en réxime de persoal laboral ao abeiro da normativa de aplicación.

E, ante a perda de vixencia da bolsa de emprego anteriormente constituída e aprobada por Resolución desta Alcaldía nº 15/2021 de 19.01.2021, rectificada por erros a través de Resolución nº 62/2021 de 11.02.2021, por Resolución nº 22/2023 de data 20.01.2023 resolveuse prorrogar a bolsa de emprego aprobada por Resolución da Alcaldía de 19/01/2021 ao abeiro do informe de servizos sociais de data 20.01.2023, e do establecido na cláusula décimo sexta das bases de selección que rexeron en dita bolsa, ata que se aprobe e entre en vigor a nova bolsa de emprego. Visto o informe realizado pola traballadora social con data 11.08.2022, onde queda reflexada a necesidade de cubrir as baixas do persoal no Servizo de Axuda no Fogar, e de ampliar a Bolsa de emprego anterior, dado que a maioría das persoas inscritas están a traballar.

Unha vez examinada a proposta das bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar esta cuarta (/4ª) bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do servizo de SAF do Concello de Arbo, e vistos os informes emitidos pola Secretaría-Intervención en data 23.03.2023 sobre lexislación aplicable, procedemento a seguir e crédito orzamentario existente no orzamento prorrogado cara o exercicio 2023, por Resolución da Alcaldía nº 166/2023 de 28.03.2023 resolveuse aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección de persoas para a constitución dunha cuarta (4ª) bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal laboral e as posibles vacantes subseguintes, nos termos en que figuran no expediente e no anexo a esta resolución, e convocar as probas selectivas para constituír a bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal laboral e as posibles vacantes subseguintes.

Tras a publicación no BOP de Pontevedra nº 75, de data 19 de Abril de 2023 da convocatoria e das bases para a constitución dunha nova Bolsa de Emprego (4ª) para cubrir os postos de traballo de auxiliar de axuda no fogar, e finalizado o día 09.05.2023 o prazo de presentación de instancias fixado en 20 días naturais a partir da publicación no BOPPO.

De conformidade coas bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 166/2023, de data 28.03.2023, e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Publicar a seguinte **listaxe provisional** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:





Concello de Arbo

\*RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS/ADMITIDAS:

1. ALVAREZ GIL M<sup>a</sup> THERESA, DNI núm. 36.0\*\*. \*\*8-Z
2. BATISTA GIL JOSEFA, DNI núm. 34.8\*\*. \*\*4-S
3. BLAS RIVEIRO VICTORIA, DNI núm. 36.0\*\*. \*\*5-K
4. COVELO GIL ISABEL, DNI núm. 34.8\*\*. \*\*5-K
5. FERNÁNDEZ IGLESIAS BEATRIZ, DNI núm. 34.8\*\*. \*\*6-S
6. FERNÁNDEZ MOURE M<sup>a</sup> LUZ DNI núm. 76.9\*\*. \*\*2-L
7. FRANCISCO ESTÉVEZ TANIA, DNI núm. 35.5\*\*. \*\*2- S
8. GIL GIL BEATRIZ, DNI núm. 76.9\*\*. \*\*8-N
9. GIL LOPEZ M<sup>a</sup> MATILDE , DNI núm. 35.7\*\*. \*\*6-W
10. GONZALEZ ESTEVEZ AURORA, DNI núm. 76.9\*\*. \*\*1-H
11. GONZALEZ RIVEIRO M<sup>a</sup> JOSE, DNI núm. 34.8\*\*. \*\*0-A
12. LORENZO RODRÍGUEZ PILAR, DNI núm. 36.0\*\*. \*\*5-Y
13. MENDEZ CASTRO LUISA, DNI núm. 35.7\*\*. \*\*3-T
14. RODRÍGUEZ DURÁN PAULA, DNI núm. 76.9\*\*. \*\*6-V
15. RODRÍGUEZ MARTÍNEZ ANA ,DNI núm.76.9\*\*. \*\*3-P
16. RODRÍGUEZ VIETEZ M<sup>a</sup> DEL PILAR, DNI núm. 76.9\*\*. \*\*7-A
17. SESTELO GONZALEZ M<sup>a</sup> LUISA , DNI núm. 34.8\*\*.550-P
18. TATO BARREIRO M<sup>a</sup> REMEDIOS, DNI núm. 34.9\*\*. \*\*0-L
19. VAZQUEZ ALONSO ROCIO, DNI núm. 76.9\*\*. \*\*6-L
20. VILARDOSA TOMÁS NURIA, DNI núm. 38.1\*\*. \*\*2 – J
21. VILLA COLLAZO M<sup>a</sup> CARMEN, DNI núm. 36.0\*\*. \*\*7-R

\*RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS: Ningún/Ningunha

**SEGUNDO.** Publicar a presente listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios electrónico situado na sede electrónica do Concello de Arbo e na páxina web deste Concello.

**TERCEIRO.** Someter a presente listaxe provisional a un período de **dez (10) días hábiles**, a contar dende a súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, para emendar as deficiencias que motivaron a exclusión, e poder formular reclamacións contra a listaxe provisional.

**CUARTO.** Unha vez rematado este prazo, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no taboleiro de anuncios electrónico situado na sede electrónica do Concello de Arbo e na páxina web deste Concello.

**QUINTO.** Ao amparo do disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de Outubro e no art. 11 de Real Decreto 364/1995, de 10 de Marzo, o **Tribunal cualificador** estará constituído por:

- *Presidente: Dona María del Mar Sousa Alfaya, Traballadora Social do Concello de Arbo.*

- *Suplente Presidente: Angel Luis Álvarez Pérez, Administrativo- Tesoureiro do Concello de Arbo.*

- *Vogal 1º: Manuel Caldas Pérez, Auxiliar Administrativo do Concello de Arbo.*

- *Suplente 1º Vogal: Jose Méndez Castro, Encargado do Pavillón do Concello de Arbo.*

- *Vogal 2º : Dona Trinidad Núñez Núñez, Encargada do Punto Limpo do Concello de Arbo.*





## Concello de Arbo

*-Suplente 2º Vogal: Victor Fernández Nogueiras, Auxiliar administrativo do Concello de Arbo.*

*-Vogal 3º: Dona Sandra Álvarez Pérez, Auxiliar Administrativa do Concello de Arbo.*

*-Suplente 3º Vogal: Matilde Bernardez Fernández, Auxiliar Administrativa de Biblioteca do Concello de Arbo*

*- Secretaria: Dona Patricia Hernández Estévez, Secretaria do Concello de Arbo.*

*-Suplente Secretaria: Dona María del Mar Gil Rodríguez, Administrativa do Concello de Arbo.*

As persoas propostas ou designadas para actuar como membros do Tribunal seranlle de aplicación as causas de abstención e recusación previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todos os membros do Tribunal Cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a que soamente terá voz.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador incluídas as peticións para a revisión de exames, cualificacións e impugnación de probas, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Alcalde sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Mándaa e asínaa o Sr. Alcalde, D. Horacio Gil Expósito, en Arbo, do que eu, como Secretaria, dou fe.

*O Alcalde, Horacio Gil Expósito.*

*A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. ”*

***O que se publica en cumprimento do punto 2º e 3º da Resolución da Alcaldía nº 2023-0240, de data 11/05/2023.***

A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez.

***Documento asinado dixitalmente á marxe.***

